

Os reporteiros do Juan María gañan o «Oollo con Nigrán»



[R. V.](#) 19 MAR 2025

«Nigrán, terra que abraza». É o título do vídeo realizado polos Reporteiros en Rede do centro Juan María, que gañou o certame «Oollo con Nigrán», convocado polo Concello en colaboración con Teatro do Ar e Somos Terra. Na categoría de fotografía acadou o primeiro premio Soledad García con «Non quero que se perda». «Un pasado na actualidade de Monteferro» foi o traballo elixido na categoría de mozos de 12 a 18 anos. Na infantil foi «Melodía da natureza» o vídeo galardoado.